

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO PARA O ESTUDO E PRESERVACIÓN DA OBRA DE OTERO PEDRAYO

En Santiago de Compostela 13 de marzo de 2018

REUNIDOS

Don....., conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don, con DNI nº presidente da Fundación Otero Pedrayo, con CIF..... e domicilio social na....., que actúa en nome e representación da devandita fundación.

EXPOÑEN

1. Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego. No ámbito da Administración autonómica galega, correspóndenlle á Consellería de Cultura,

Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, as competencias en materia de política lingüística.

2. Que ambas as dúas entidades son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os niveis da sociedade e tamén, colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, establecendo unha dinámica de participación con entidades privadas e públicas, para apoialas e promover actividades que faciliten o emprego do galego no seu funcionamento ordinario e nas súas actuacións.

3. Que as asociacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro xogan un papel destacado no labor de contribuír ao desenvolvemento e difusión da lingua e cultura galegas. Que, concretamente, a Fundación Otero Pedrayo é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo principal fomentar, manter e divulgar a vida e a obra do escritor Otero Pedrayo.

4. Que, no cumprimento dos seus obxectivos, o Consello Plenario da Fundación, na sesión celebrada o 25 de xuño de 2001, creou o Centro de Estudos Oterianos (CEO), no que se constitúe a biblioteca e o arquivo do escritor. Que neste centro se realizarán labores de estudo e investigación cos que se pretende esclarecer e explicar con rigor intelectual aspectos da vida e da obra literaria deste escritor.

5. Que a Fundación Otero Pedrayo é a única existente en Galicia sobre este persoeiro e, polo tanto, referente exclusivo sobre a súa vida e obra para as persoas estudosas, investigadoras e público en xeral. Que dada a singularidade e características das actividades previstas neste convenio, soamente poderán levarse a cabo pola Fundación, polo que non resulta posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actuacións que se van desenvolver como consecuencia da sinatura deste convenio.

6. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, por considerar de especial interese para o fomento da lingua e da cultura galega as actividades que desenvolve a Fundación Otero Pedrayo, desexa colaborar con esta entidade para investigar e reflexionar sobre o mundo contemporáneo, mostra de permanente modernidade de Otero Pedrayo.

Polo exposto, ambas as dúas entidades acordan asinar un novo convenio de colaboración para o ano 2018, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Fundación Otero Pedrayo para colaborar na actualización do pensamento e memoria de Otero Pedrayo.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a coñecer e divulgar a súa figura, produción e publicacións e continuar cos labores de recopilación e investigación sobre a súa vida e obra para completar a biblioteca oteriana, para que poda ser consultada polos investigadores e estudosos deste ilustre representante da literatura galega.

Segunda.- Obrigas da Fundación Otero Pedrayo

A Fundación comprométese a levar a cabo en lingua galega a celebración da Festa Literaria en Trasalba –lugar de encontro da obra oteriana–, na que a fundación realiza unha serie de actividades que xiran ao redor da celebración desta festa anual na que se entrega O Premio Trasalba, que recoñece anualmente unha figura ou institución a prol da cultura galega vencellada á obra e á memoria de Ramón Otero Pedrayo.

Así mesmo, a fundación desenvolve durante o ano varias actividades entre as que destacan edicións en papel e dixitais sobre a figura e obra de Otero Pedrayo .

A Fundación encargárase de organizar, xestionar e contratar as colaboracións que se precisen para a execución das actuacións previstas no convenio e facilitará os medios técnicos e humanos de que dispón para a súa realización.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e o uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Terceira.- Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación Ordenación Universitaria comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta.- Fondos documentais do CEO

Por mutuo acordo das partes asinantes, os fondos documentais do CEO que pasen a constituír a biblioteca e arquivo oteriano poderán ser accesibles para as persoas estudosas e investigadoras da obra oteriana de maneira gratuíta, e en todo caso, baixo a responsabilidade da fundación sobre os dereitos de propiedade intelectual que poidan derivarse do acceso aos citados fondos documentais.

Quinta.- Financiamento

O custo total das actividades previstas neste convenio ascenden a un total de **6.000,00 €**, importe que será sufragado coas correspondentes achegas:

- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará na realización das actividades obxecto deste convenio cunha cantidade de **4.000,00 €**, con cargo á partida orzamentaria 10.30.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018.
- A Fundación achegará a cantidade restante **2.000,00 €**.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Sexta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

Para percibir a cantidade que se especifica na estipulación anterior, a Fundación presentará electronicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2018, a seguinte documentación:

- Unha certificación (dúas copias) do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta xustificación realizarase mediante facturas en orixinais ou fotocopias compulsadas (dúas copias).
- Unha certificación de que as contas anuais da fundación foron presentadas ao protectorado e depositadas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. (art.38 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego).
- Para o control das actividades que se prevén no convenio, entregaranse un mínimo de seis exemplares dos traballos que se publiquen.
- Un informe (dúas copias en soporte papel e unha en soporte informático) de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria diminuírase proporcionalmente

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento, deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.

- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A Fundación facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima.- Utilización da lingua galega

Todas as actividades que se realicen ao abeiro deste convenio se deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Será considerada causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta cláusula.

Oitava.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Novena.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Décima.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2018. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décimo primeira.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística nomeados polo seu titular e dous representantes da Fundación. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo segunda.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo terceira.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo cuarta.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo quinta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela,

co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan tres copias deste convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O presidente da Fundación
Otero Pedrayo